

PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS (Cuadrimestres VII e VIII)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS (Cuadrimestres VII e VIII)												
ESPECIALIDADE	Interpretación						ITINERARIO		Corda fretada (violín, viola, violonchelo e contra baixo)			
CARÁCTER	Obrigatorio						TIPO DE CLASE		Individual			
DEPARTAMENTO	Corda fretada						XEFA DE DPTO.		Carolina Landriscini			
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADORA DA DISCIPLINA		Carolina Landriscini		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		1	
ECTS/CUAD.							10		Observacións:		O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias tutorías para o asesoramento no correspondente traballo.	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Carolina Landriscini						clandris@edu.xunta.gal		XOVES 9-10			
	Laura Parrado						laurochi181@gmail.com		VENRES 13-14			
	Diego Segade						diegosegade@gmail.com		VENRES 10-11			
	Raquel García						deraqueles@gmail.com		LUNS 20:30-21:30			
	Aitor López Gómez						aitor.lopez.gomez@edu.xunta.gal		MARTES 21-22			



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	<p>Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente.</p> <p>Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo aprobado e publicado polo centro.</p> <p>A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.</p>
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos. Ser quen de procurar e seleccionar a información axeitada valorandoa de xeito crítico.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.
Interpretar un concerto ante o público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10.



4. CONTIDOS	
Proposta	<p>A proposta do programa do recital e será entregada na forma e prazos establecidos no protocolo do TFE anual publicado polo centro e deberá contar coa aprobación do departamento.</p> <p>Co obxecto de facilitar a configuración dun programa rico e variado, o departamento de corda estudará as propostas de programa que inclúan un movemento solto dunha obra que posúa unha duración superior aos 35 minutos. Se aceptará como máximo unha obra incompleta por proposta.</p> <p>No caso de que se producise algunha proposta de modificación sobre o programa a interpretar, o alumno deberá notificalo mediante instancia dirixida ao departamento para a súa supervisión e aprobación, de ser o caso. A instancia de solicitude de modificación entregarase alomenos 30 días antes da data programada para o concerto. Unha vez recibida a solicitude, o departamento resolverá ao respecto sobre a devandita proposta de modificación.</p>
Exercicio escrito (traballo académico e defensa do mesmo)	<p>Deberá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido do seu instrumento, ou bem calquera outra temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos.</p> <p>A proposta da temática do traballo deberá ser aprobada polo departamento.</p> <p>Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas e 5500 palabras, tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar a portada e os anexos, e deberá estar redactado dacordo as guía de estilo (Chicago ou APA 7) . Este departamento recomenda que a extensión do traballo escrito non supere as 60 páxinas, sen contar anexos.</p> <p>Deberá conter un resumo de hasta 300 palabras redactado en trilingüe: idioma estranxeiro, castelán e galego.</p> <p>Deberá ter unha correcta encadernación o momento de depositalo na secretaría do centro cara ao seu posterior arquivo na biblioteca do centro.</p> <p>A guía de estilo respecto á encadernación e o estilo da portada do traballo será publicada no protocolo xeral do TFE anual do centro ou noutro documento de rango xeral do centro.</p> <p>O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo. A continuación o tribunal poderá formular rolda de preguntas ou debater sobre aspectos relacionados co propio traballo ou a súa defensa, durante un máximo de 10 minutos.</p>
Interpretación do recital	<p>O recital deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.</p>
Depósito do traballo e da información necesaria para a confección dos programas	<p>O alumnado deberá depositar o traballo na secretaría do centro nas seguintes datas:</p> <p>15 de xaneiro: para os que realicen o TFE na convocatoria do 5 de febreiro ao 8 de marzo.</p> <p>20 de maio: para os que realicen o TFE na convocatoria ordinaria (10 de xuño a 5 de xullo)</p> <p>17 de xuño: para os que realicen o TFE na convocatoria extraordinaria (8-17 de xullo)</p> <p>No caso do alumnado que dispoña do 1º cuatrimestre para a realización da convocatoria extraordinaria do TFE, ata tres semanas antes da data solicitada.</p> <p>O traballo presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que conleva o visto bo do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encuadernada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedireccion@csmscoruna.com xunto co programa a interpretar e a información necesaria para a elaboración dos programas.</p> <p>Os programas e carteis serán elaborados polo centro. A información cara a elaboración do programa de man deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes e breve curriculum do/a alumno/a.</p> <p style="text-align: center;">DEBERÁN RESPETARSE TODOS OS PRAZOS REFLECTIDOS NO PROTOCOLO XERAL DO TFE PUBLICADO POLO CENTRO</p> <p>En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame.</p>



5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN			
<p>A metodoloxía a empregar poderá ser:</p> <ol style="list-style-type: none"> Docencia presencial: na aula do centro na hora asignada. Docencia telemática: O profesor/a e o alumno/a podrán acordar o correo electrónico ou outras plataformas de docencia telemática para as tarefas relacionadas coa titorización do traballo académico. 			
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE		TEMPORALIZACIÓN
Proposta dun traballo académico.		Non presencial	No prazo que a CCP determine a tal fin
Elaboración dun traballo académico .	Parte 1: Consulta de fontes	Non presencial	Primeiro cuadrimestre
	Parte 2: Redacción marco teórico ou síntese dos contidos das fontes consultadas	Non presencial	Primeiro cuadrimestre
	Entrega de borrador escrito da parte 2 e revisión	Presencial	Titoría do 8 ao 12 de xaneiro
	Parte 3: Desenvolvemento do obxecto de estudio	Non presencial	Ata 18 de marzo
	Entrega de borrador escrito da parte 3 e revisión	Presencial	Titoría do 18 ao 22 de marzo
	Parte 4: Discusión, conclusións e referencias bibliográficas	Non presencial	Segundo cuadrimestre
	Entrega do traballo e revisión da parte 4. Corrección final das partes anteriores, sempre que se cumpriran as datas de entrega.	Presencial	Titoría do 29 de abril ao 3 de maio
	Seguemento do traballo.	Presencial	
Proposta dun programa de concerto solista.	Non presencial		No prazo que a CCP determine a tal fin
Ensaíos para a preparación da presentación do concerto solista	Presencial		Regulares
Titorías	Presencial/ Telemática		Regulares As titorías cos profesores asignados finalizarán ao remate do período de docencia do segundo cuadrimestre tanto para a elaboración do traballo escrito como para a preparación da súa exposición e defensa.
Exposición e defensa do traballo académico	Presencial		Ao final, segundo o calendario establecido a tal fin
Interpretación do recital ante o público	Presencial		Ao final, segundo o calendario establecido a tal fin
TOTAL HORAS 300H=10 ECTS			

6. AVALIACIÓN

O alumno/a disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuatrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuatrimestre do seguinte ano académico.

O titor incluirá no seu informe o grao de cumprimento dos prazos reflectidos no punto 5 no referente ao traballo escrito.

É requisito imprescindible aprobar as dúas partes para obter a nota final, que xurdirá da ponderación das notas do traballo académico (20%) e do recital (80%)

6.1 FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Interpretación en público do concerto e exposición e defensa do traballo académico.

6.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA INTERPRETACIÓN DO RECITAL

- Dominio das capacidades técnicas propias do itinerario. PONDERACIÓN 70%

Técnica do arco solvente: distribución axeitada, dominio e variedade dos golpes de arco, dominio do bariolaxe, dominio das dobres cordas e os acordes, boa emisión do son, punto de contacto axeitado e riqueza tímbrica.

Técnica de man esquerda solvente: afinación precisa en todos os rexistros do instrumento, axilidade e velocidade dos dedos, dominio dos cambios de posición, vibrato variado e axeitado ao estilo de cada obra, coordinación motriz nas dobres cordas e os acordes.

- Dominio do discurso musical. PONDERACIÓN 20%

Rigor e precisión rítmica, coherencia no fraseo que amose unha boa comprensión do texto musical así como fidelidade ao mesmo, gradacións dinámicas de rango significativo e variedade das cores do son, articulación clara e proxección do son dacordo coa dimensión física da sala.

- Rigor estilístico e presenza escénica. PONDERACIÓN 10%

Variedade e amplitude de estilos musicais amosados a través do programa do recital, compenetración e traballo de conxunto cos músicos colaboradores, protocolos no escenario.

6.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA INTERPRETACIÓN DO TRABALLO ACADÉMICO

O tratamento do contido do traballo será orixinal, de maneira que de detectarse que o/a alumno/a utilizou textos ou teorías de calquera clase de terceiros, aparentando que é da súa propia autoría, será considerado plaxio e cualificado con 0 puntos.

- Aspectos formais (claridade de ideas, de exposición e de organización da información), proporción axeitada e coherencia entre as partes do traballo, riqueza lingüística do discurso. **PONDERACIÓN 20%**

- Fundamentación teórica que amose que posúe coñecemento sobre o tema. **PONDERACIÓN 20%**

- Creatividade e orixinalidade no abordaxe e presentación da temática e das conclusións. **PONDERACIÓN 20%**

- Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme á normativa escollida (Chicago ou APA 7). **PONDERACIÓN 20%**

- Exposición, defensa e debate (claridade de ideas, creatividade na presentación, solvencia no debate). **PONDERACIÓN 20%**

Criterio para a concesión de Matrícula de Honra

Os alumnos que acaden unha cualificación de 9,5 ou máis serán propostos para obter matrícula de honra. No caso de que o número de matrículas posibles que se podan conceder sexan menor ao número de alumnos que acaden esta cualificación mínima, darase prioridade aos alumnos que obteñan maior cualificación no TFE. No caso de haber alumnos coa mesma cualificación e tendo que dirimirse a concesión de matrícula de honra, resolverase en función da nota máis alta na media do expediente académico.



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>